DOCUMENTOS DE TRABALLO

O libro en Galicia: produción editorial, lingua e mercado

DOI 10.17075/lgpelm.2026

DOCUMENTOS DE TRABALLO
CCG

Resumo executivo

A edición galega presenta nos últimos anos un perfil estable, de dimensión modesta dentro do conxunto editorial estatal pero cun papel cultural relevante dentro do propio sistema galego. O número de libros inscritos en ISBN sitúase nos últimos anos arredor dos 2.700 e a cifra de títulos nalgúns exercicios achégase aos 3.000, sen mostrar tendencia clara nin de crecemento nin de retroceso, e mantén unha cota próxima ao 3% do total estatal. O dato preliminar de 2025 móstrase superficialmente alterado por

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—

+34 981 957 202
consellodacultura.gal

unha inscrición masiva extraordinaria pero, unha vez axustado, coloca a Galicia en 2.741 títulos, plenamente coherente co resto da serie.

O tecido editor galego está constituído por máis de 150 axentes activos, na súa maioría de pequena ou media escala, cunha produción media estable de 18 libros por editor. O sector privado agremiado, máis circunscrito, integra 47 editoriais arredor da Asociación Galega de Editores. A pesar da súa dimensión reducida —un 1,4% dos títulos editados en papel e un 0,9% da facturación dos gremios autonómicos do Estado— o sector galego presenta o grao de asociación máis elevado do conxunto estatal: o 46,8% das editoriais están agremiadas, fronte a valores inferiores ao 27% en Madrid e Cataluña.

A dimensión territorial responde a unha pauta marcadamente bipolar. As provincias da Coruña e Pontevedra concentran preto do 94% dos libros inscritos en ISBN, mentres que as de Lugo e Ourense manteñen unha presenza residual. Esta concentración aparece como un trazo estrutural do sistema, estable ao longo da serie. Pola contra, no consumo Galicia ocupa unha posición máis destacada da que lle correspondería á súa produción: representa o 6,4% das vendas do mercado interior do libro, fronte ao 5,6% da poboación, o que introduce unha asimetría apreciable entre oferta e demanda.

A composición por soportes experimentou unha modificación moi evidente. O peso do libro en papel pasou do 82,8% en 2011 ao 63% en 2024, mentres que os outros soportes —que se identifican case por completo coa edición electrónica— acadan o 37%. Con todo, esa expansión produtiva non se traslada de igual modo ao mercado: a facturación do libro electrónico en galego retrocede un 13,3% no último ano, mentres que o conxunto do mercado dixital crece un 14,9%.

O perfil temático e por subsectores presenta unha especialización ben definida. A creación literaria, o libro infantil e xuvenil e os libros de texto configuran os tres eixes principais da produción galega, dentro da cal o infantil e xuvenil ocupa unha posición especialmente significativa: case dobra en peso relativo a media estatal e concentra, ademais, a maior parte da facturación do libro en galego, xunto co texto non universitario. A

clasificación temática global confirma este perfil cultural, cun núcleo literario que reúne máis do 45% dos títulos, e arredor do cal se sitúan ámbitos como as ciencias sociais, a historia e as artes.

A dimensión lingüística é, finalmente, un dos trazos máis singulares do sistema. O galego é o principal idioma de publicación da edición en Galicia e supera o castelán nos anos analizados, aínda que se sitúa arredor do 2% dos libros inscritos en ISBN no conxunto estatal. A súa presenza editorial é, ademais, claramente superior á súa escala económica: o libro en galego factura 13,4 millóns de euros, o 0,4% do total estatal, cunha tirada media de 1.099 exemplares por título fronte aos 3.517 do conxunto. O mercado do libro en galego susténtase, sobre todo, na infancia, na escola e na rede de librarías.

En conxunto, a edición galega configura un sistema de alta densidade cultural e modesta escala económica. Mantén unha produción estable, unha presenza central do galego, unha especialización marcada en infantil e xuvenil, creación literaria e libro educativo, e unha vertebración asociativa importante. Así mesmo, opera con tiradas curtas, facturación reducida e forte dependencia de determinados segmentos. A súa fortaleza non reside tanto na súa dimensión industrial, como na función cultural que cumpre dentro do ecosistema galego.

1. Introdución e metodoloxía

O libro segue a ser un dos eixos vertebradores da actividade cultural galega e unha das dimensións nas que o sistema cultural propio se proxecta con maior continuidade no tempo. A edición de libros non é só unha actividade económica, senón tamén un indicador da vitalidade do galego como lingua de creación e difusión de coñecemento, do tecido empresarial cultural e do seu peso no contexto editorial estatal. Por todas estas razóns, o seguimento estatístico do sector resulta unha tarefa necesaria para entender as transformacións que está a experimentar nos últimos anos e para dispoñer de evidencia empírica útil para o debate público e para o deseño das políticas culturais.

Este informe ofrece unha análise da edición e da produción editorial galega a partir das principais fontes estatísticas dispoñibles. O obxectivo é construír unha imaxe de conxunto que combine a evolución cuantitativa

do sector cunha caracterización dos seus trazos distintivos: dimensión, distribución territorial, soportes, perfil temático, dimensión lingüística e especialización por subsectores.

1.1. Antecedentes

O Observatorio da Cultura Galega vén realizando dende a súa creación un seguimento periódico do sector do libro como parte da súa tarefa de análise estatística do conxunto do ámbito cultural galego[1]. As lecturas que se desprenderon deses traballos previos coincidían en sinalar un escenario de contracción sostida no que respecta ao libro en galego: descenso do número de títulos, redución das tiraxes, diminución do número de editoriais activas e recorte das axudas institucionais; un panorama ao que se sumaron, máis recentemente, as tensións derivadas da crise sanitaria e do reaxuste do mercado editorial. O presente informe inscríbese nesa traxectoria de análise, actualizándoa coas series máis recentes e ampliando a mirada con fontes complementarias que permiten matizar e enriquecer aquela lectura.

1.2. Fontes utilizadas

A análise apóiase en tres fontes estatísticas principais, complementarias entre si. A primeira é a *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*, elaborada pola División de Estadística e Estudos do Ministerio de Cultura. Esta fonte rexistra os libros inscritos no ISBN español, ofrece unha cobertura ampla e dispón dunha serie temporal longa, dispoñible

[1] *Informe sobre datos da edición en Galicia 2006-2016*. http://www.consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2018_Datos-da-edicion-en-Galicia-2006-2016.pdf

Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI, https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2018_Diagnose-para-a-cultura-galega.pdf

O sector do libro galego perante a crise da COVID-19. https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_O-sector-do-libro-galego-perante-a-crise-da-COVID-19.pdf

Conxunturas estatísticas do ámbito cultural, publicadas dende 2020, nas que o libro figura como un dos sectores con seguimento sistemático. https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2025_Conxuntura-estatistica-do-ambito-cultural-Novembro-de-2025.pdf

dende 2011, que permite seguir a evolución xeral do sector. Posibilita, ademais, a desagregación dos datos por comunidade autónoma e provincia, por subsector, por soporte e por volume de produción do editor, entre outras variables.

A segunda fonte é a *Estadística de Producción Editorial de Libros* do Instituto Nacional de Estadística (INE), que mide a produción editorial española a través de distintas variables. A súa serie é máis curta, dispoñible entre 2020 e 2023, pero permite afondar en dimensións que a estatística de ISBN non recolle do mesmo modo.

A terceira fonte é o informe *Comercio Interior del Libro en España 2024*[2] da Federación de Gremios de Editores de España, que ofrece información económica do sector privado agremiado a través dunha enquisa anual ás editoriais asociadas. A diferenza das dúas anteriores, esta fonte non aspira á cobertura universal: queda fóra a actividade editorial das administracións públicas, a edición universitaria non agremiada e numerosas pequenas editoriais independentes. Achega, con todo, información que as outras fontes non cobren: facturación, número de empresas e empregos, tirada media, distribución da venda por canles e por destino territorial e estrutura económica do mercado interior do libro.

A combinación destas tres fontes permite formular unha lectura máis consistente do sector que a que ofrecería calquera delas illadamente. Convén ter presente, en todo caso, que cada fonte se constrúe a partir dunha metodoloxía propia e mide ámbitos parcialmente distintos: os totais non coinciden exactamente entre fontes e as comparacións directas entre cifras procedentes de orixes diferentes deben facerse con cautela.

Convén sinalar tamén que o dato preliminar de 2025 da *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN* está afectado por unha inciden-

[2] Federación de Gremios de Editores de España, *Comercio Interior del Libro en España 2024*. Dispoñible en: https://federacioneditores.org/wp-content/uploads/2025/10/Comercio-Interior-2024_Interior.pdf

cia metodolóxica relevante, que se detalla no capítulo 2 e cuxas implicacións se trasladan, mediante a correspondente indicación, ás demais seccións do informe nas que esa anualidade resulta pertinente.

1.3. Estrutura e contido do informe

O informe articúlase en nove capítulos que avanzan dende a panorámica xeral do sector cara aos seus trazos máis específicos. Os tres primeiros capítulos despois da introdución describen o que se podería considerar a anatomía básica da edición en Galicia: o capítulo 2 examina a dimensión global e a evolución do sector dende 2011, así como o lugar que ocupa Galicia no conxunto editorial estatal. O capítulo 3 céntrase no tecido editor propiamente dito, no número de axentes activos, na súa escala media e no grao de vertebración asociativa. O capítulo 4 detense na distribución territorial, tanto desde a perspectiva da produción como, ao final, desde a do consumo.

A partir desa caracterización estrutural, os tres capítulos seguintes examinan en que se traduce esa actividade. O capítulo 5 analiza a transformación dos soportes e o lugar que ocupan o papel e os formatos electrónicos na edición galega recente, prestando atención tamén ao comportamento singular do libro electrónico en galego no mercado. O capítulo 6 caracteriza o perfil da produción editorial atendendo aos grandes subsectores, con especial atención ao infantil e xuvenil, aos libros de texto e á creación literaria. O capítulo 7 examina a dimensión lingüística, dende a distribución dos títulos por idioma ata as edicións bilingües e as traducións.

O capítulo 8 examina a especialización temática da produción galega segundo a clasificación UNESCO, completando así a lectura sobre o perfil de contidos da edición galega recente. O informe péchase cun capítulo 9 de conclusións, no que se recollen as ideas principais que se desprenden do conxunto da análise e se sinalan algúns dos trazos máis salientables da edición galega no período estudado.

2. Dimensión e evolución da edición en Galicia

Este capítulo ofrece unha primeira aproximación á dimensión da edición galega e á súa posición no sistema editorial español. A análise organízase

en tres apartados: en primeiro lugar, examínase a evolución do número de libros inscritos en ISBN; en segundo lugar, analízase o peso relativo de Galicia no total estatal e, finalmente, incorpórase a perspectiva do sector privado agremiado a partir dos datos de *Comercio Interior del Libro en España*. O obxectivo é combinar a lectura ampla da actividade editorial rexistrada co ISBN cunha aproximación á escala empresarial e económica do tecido editorial galego.

2.1. Evolución do número total de libros inscritos en ISBN

A evolución do número de libros inscritos en ISBN sitúa a edición galega nunha dimensión relativamente estable, aínda que cunha variación anual apreciable. En 2011 rexistráronse en Galicia 3.006 libros, mentres que en 2024 a cifra foi de 2.830. A diferenza entre ambos extremos é moderada en termos relativos, cun descenso do 5,9%, o que suxire máis ben unha dinámica irregular que unha tendencia lineal de crecemento ou de contracción continuada.

Evolución do número de libros inscritos en ISBN en Galicia



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

Ao longo do período obsérvanse varias fases. Tras o valor inicial de 2011, a serie descende en 2012 e 2013, recupera terreo en 2014, volve retroceder en 2015 e presenta novos movementos alternos nos anos seguintes. O punto máis baixo sitúase en 2019, con 2.049 libros inscritos, a partir do cal se produce unha recuperación clara: 2.759 en 2020, 2.564 en 2021, 2.608 en 2022, 2.955 en 2023 e 2.830 en 2024. En conxunto, a imaxe que devolve a

serie é a dun sector con variacións relevantes dun ano a outro, pero cun volume global que se move dentro dun intervalo relativamente recoñecible.

O dato preliminar de 2025 sitúase en 5.179 libros, unha cifra que rompe con claridade a pauta da serie. Esta variación non corresponde a unha expansión real do sector editorial galego, senón á inscrición masiva de 2.438 ISBN[3]. Descontado ese efecto, o número de libros inscritos en Galicia en 2025 sería de 2.741, plenamente coherente cos valores recentes da serie.

Esta lectura recomenda evitar interpretacións excesivamente conxunturais baseadas nun único ano. Máis que unha evolución sostida nunha soa dirección, o que se aprecia é unha sucesión de descensos e recuperacións que manteñen a edición galega arredor dun limiar de entre 2.000 e 3.000 títulos anuais na maior parte do período comparable.

2.2. Peso de Galicia no total estatal

A análise gaña significado cando se compara a evolución galega coa do conxunto estatal. En España, o número total de libros inscritos en ISBN pasa de 96.862 en 2011 a 89.347 en 2024, cun descenso do 7,8%, algo máis acusado que o observado en Galicia. Isto significa que, malia as oscilacións anuais, a posición relativa da comunidade galega dentro da edición española non se deteriora no período.

Evolución dos libros inscritos en ISBN en Galicia e España. Peso porcentual de Galicia sobre o total estatal

	España	Galicia	% Galicia/España
2011	96.862	3.006	3,1
2012	90.978	2.335	2,6
2013	76.803	2.268	3,0
2014	79.224	2.604	3,3
2015	79.397	2.266	2,9
2016	86.000	2.388	2,8
2017	89.962	2.172	2,4
2018	81.228	2.504	3,1

[3] O dato de ISBN de Galicia en 2025 presenta unha alteración excepcional. O incremento do 83% con respecto a 2024 explícase pola inscrición masiva por parte dunha única editorial de textos xurídicos con sede na Coruña, que non rexistrara títulos en 2024. Esta circunstancia foi confirmada pola División de Estadística do Ministerio de Cultura. Por este motivo, as comparacións interanuais con 2025 deben realizarse con cautela e o dato bruto non debe ser interpretado como unha expansión ordinaria do conxunto do sector editorial galego.

2019	90.073	2.049	2,3
2020	78.422	2.759	3,5
2021	92.722	2.564	2,8
2022	92.616	2.608	2,8
2023	87.122	2.955	3,4
2024	89.347	2.830	3,2
2025 (ax) [4]	88.734	2.741	3,1

Fonte: Elaboración propia a partir de Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

De feito, o peso galego no total estatal mantense en valores bastante estables, xeralmente arredor do 3%. Galicia representa o 3,1% dos libros inscritos en 2011 e o 3,2% en 2024. Entre ambos anos, a participación oscila entre un mínimo do 2,3% en 2019 e valores máis altos como o 3,5% en 2020 ou o 3,4% en 2023. Máis que unha perda continuada de peso, o que se observa é unha posición modesta pero sostida dentro do sistema editorial español.

No exercicio 2025 os datos brutos darían un peso aparente do 5,7% pero, unha vez descontada a inscrición extraordinaria sinalada na nota anterior, o peso real de Galicia sitúase no 3,1% dun total estatal axustado, en liña co conxunto da serie histórica.

Esta estabilidade relativa é relevante porque permite matizar a lectura dos valores absolutos. A edición galega non presenta unha tendencia expansiva clara no conxunto da serie, pero tampouco unha perda estrutural do seu lugar no mapa estatal. O seu volume segue sendo reducido en comparación co total español, mais a súa presenza mantense ao longo do tempo dentro dunha franxa relativamente constante.

2.3. A dimensión do sector editorial galego no contexto estatal: o sector privado agremiado

A análise baseada en ISBN ofrece unha panorámica ampla pero homoxénea: cada título cóntase por igual con independencia da escala, da estrutura empresarial ou da continuidade da editorial que o produce. Para precisar a dimensión real do sector empresarial galego é pertinente recorrer ao informe *Comercio Interior del Libro en España 2024* da Federación de Gremios de Editores de España, que recolle a actividade declarada polas

[4] Cifras axustadas descontando os 2.438 ISBN inscritos pola editorial xurídica sinalada na nota anterior.

editoriais asociadas a algunha das organizacións autonómicas integradas na Federación. A análise deste conxunto de editoriais permite caracterizar o tecido empresarial e establecer comparacións entre comunidades.

A lectura desta información mostra unha estrutura de notable concentración estatal: Madrid e Cataluña suman conxuntamente o 94,4% da facturación do sector privado agremiado, o 91,4% dos títulos editados en papel e o 95,8% dos exemplares producidos. O resto dos gremios, entre eles o galego, operan a unha escala notablemente menor.

Indicadores estruturais do sector editorial privado (2024)

	Empresas	Persoas empregadas	Títulos editados	Facturación (en miles de €)
Total				
Madrid	332	7.502	25.833	1.178,56
Cataluña	268	4.483	28.800	1.688,63
Andalucía	71	319	1.052	41,29
Valencia	68	276	748	28,94
Euskadi	50	310	2.278	68,99
Galicia	47	197	854	27,50
Castela e León	24	183	194	3,59
Total	860	13.270	59.759	3.037,51
Porcentaxe				
Madrid	38,6	56,5	43,2	38,8
Cataluña	31,2	33,8	48,2	55,6
Andalucía	8,3	2,4	1,8	1,4
Valencia	7,9	2,1	1,3	1,0
Euskadi	5,8	2,3	3,8	2,3
Galicia	5,5	1,5	1,4	0,9
Castela e León	2,8	1,4	0,3	0,1
Total	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Federación de Gremios de Editores de España, *Comercio Interior del Libro en España 2024*

Dentro dese segundo nivel, Galicia ocupa unha posición de dimensión intermedia, comparable á de Andalucía, Valencia ou Euskadi en número de empresas asociadas, pero cunha produción en exemplares e unha facturación apreciablemente máis modestas. O número medio de persoas empregadas polas editoriais galegas é de 4, equivalente ao de Andalucía e Valencia, fronte ás 23 de Madrid ou ás 17 de Cataluña. Cómpre subliñar, así mesmo, que o 53,2% dos efectivos do sector galego se concentra en tarefas de produción editorial, a porcentaxe máis elevada do conxunto estatal,

por riba mesmo de Euskadi (45,5%). Esta circunstancia indica que a estrutura ocupacional do sector galego se orienta de forma máis acusada cara ás funcións directamente vinculadas á elaboración do libro, en detrimento das áreas comercial e administrativa.

As cifras correspondentes a 2024 reflicten, ademais, unha contracción importante do sector galego con respecto ao exercicio anterior. Os títulos editados en papel pasan de 918 en 2023 a 854 en 2024, o que supón unha redución do 7%, a segunda máis acusada entre os gremios autonómicos despois de Valencia. Os exemplares producidos descenden de 1.723.000 a 1.034.000 (-40%) e a tirada media en papel diminuíu de 1.877 a 1.211 exemplares por título, é dicir, 666 unidades menos por edición. Cómpre destacar tamén que Galicia é a única comunidade que rexistra unha redución do catálogo vivo en 2024, ao pasar de 22.890 a 22.327 títulos (-2,5%), mentres que todos os demais gremios ven medrar este indicador. Esta combinación —títulos novos en descenso, exemplares por título en redución e catálogo vivo en contracción— non resulta visible nas cifras de ISBN e suxire un proceso de axuste no tecido empresarial estabilizado, orientado a tiradas máis curtas e a unha maior prudencia na incorporación de novidades editoriais.

3. O tecido editor galego

Para comprender mellor a estrutura do sector é necesario atender ao número de editores con actividade e ao volume de produción que sosteñen. Este capítulo aborda a dimensión do tecido editorial: como evolucionou ao longo do tempo e que peso teñen os distintos tipos de editores segundo a súa escala produtiva.

3.1. Evolución do número de editores activos

A evolución do número de editores con actividade en Galicia mostra un tecido relativamente estable, aínda que cunha lixeira contracción no conxunto do período. En 2011 contabilizábanse 166 editores activos, mentres que en 2025 a cifra sitúase en 153. A diferenza é moderada, cun descenso do 7,8%, cifra que non suxire unha redución drástica da base editorial galega, senón máis ben un proceso de axuste con oscilacións ao longo da serie.

Evolución do número de editores con actividade en Galicia



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

A traxectoria non é lineal. Tras os valores relativamente altos do inicio, o número de editores baixa ata tocar un mínimo de 130 en 2015 e 2016 e, a partir de aí, recupérase parcialmente. Nos anos máis recentes a serie volve situarse por riba dos 150 editores: 156 en 2021, 151 en 2022, 160 en 2023, 157 en 2024 e 153 en 2025. En termos xerais, Galicia conserva unha base editorial significativa dentro do contexto estatal e mantense, ademais, de forma estable no quinto posto por número de editores, por detrás das comunidades con maior dimensión editorial.

Con todo, a interpretación da serie require certa cautela arredor de 2015, xa que a propia operación estatística introduce cambios no tratamento dos chamados prefixos colectivos. Este aspecto non invalida a tendencia xeral, pero recomenda evitar lecturas excesivamente mecánicas dos movementos puntuais nese tramo da serie.

3.2. Produción media por editor

Se se compara o número de editores coa produción media por axente, o máis salientable é a estabilidade da escala produtiva. Entre 2011 e 2024 a

produción media por editor en Galicia móvese nun intervalo moi estreito, entre 15 e 19 libros anuais. O valor máis baixo da serie dáse en 2019 con 15 libros por editor, mentres que o máis alto antes de 2025[5] se alcanza en 2020 con 19.

Editores con actividade e produción media por editor en Galicia

	Nº de editores	Produción media
2011	166	18
2012	147	16
2013	144	16
2014	149	17
2015	130	17
2016	130	18
2017	136	16
2018	140	18
2019	137	15
2020	144	19
2021	156	16
2022	151	17
2023	160	18
2024	157	18
2025	153	34

Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

Esta estabilidade ten un significado relevante, xa que indica que as variacións do número total de libros inscritos non responden, en xeral, a unha transformación profunda da dimensión media dos editores galegos, senón máis ben á combinación de dous factores de intensidade moderada: as variacións no número de axentes activos e as oscilacións limitadas na súa produción media. En 2024, por exemplo, os 157 editores galegos rexistran unha media de 18 libros, exactamente no mesmo nivel que en 2011.

3.3. Estrutura por volume de produción

A estatística do ISBN permite clasificar os libros inscritos segundo o volume global de produción do editor. Esta variable non debe confundirse coa produción anual de cada editorial, senón que remite ao tramo no que

[5] O dato de 2025 vese afectado pola incidencia descrita no capítulo anterior. Se se descontan os 2.438 ISBN da inscrición masiva, a produción media en 2025 sería de 18 títulos por editor, equivalente á media histórica do período.

se sitúa cada axente editor segundo o seu volume acumulado de libros rexistrados.

En 2024 algo máis da metade dos libros inscritos en ISBN en Galicia, concretamente 1.500 títulos, correspóndenlles a editores situados no tramo de menor volume global. Outros 1.030 proceden de editores de volume intermedio, mentres que 300 pertencen a editores de maior volume acumulado. A distribución indica que unha parte importante da edición inscrita en Galicia se vincula a axentes de traxectoria ou dimensión acumulada reducida.

Distribución do número de libros inscritos en ISBN en Galicia segundo o volume de produción total do editor (2024)



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

Esta distribución revela unha estrutura pouco dominada polos grandes produtores. A presenza dos editores de menor escala non só é maioritaria dentro de Galicia, senón tamén relativamente máis intensa que no conxunto estatal. En 2024 Galicia representa o 3,2% do total español de libros inscritos en ISBN, pero a súa participación sobe ao 4,2% no segmento de menos de 100 libros e ao 4,1% no de 100 a 499. Pola contra, descende ata o 1,1% no grupo de 500 en adiante. Isto suxire que a posición galega no sistema editorial español se apoia sobre todo nunha base de axentes pequenos e medianos, e moito menos na existencia de grandes operadores.

A serie mostra, ademais, unha certa continuidade nesta estrutura. Xa en 2011 os editores con menos de 100 libros concentraban o 48,5% da produción galega e os de 500 en diante apenas o 15%. En 2023 e 2024 o predominio dos pequenos mantense, mesmo con algo máis de peso relativo. O resultado é a imaxe dun tecido editorial relativamente fragmentado, cunha capacidade continuada de produción, pero sen unha presenza comparable á doutras comunidades nos estratos de maior escala.

Peso porcentual de Galicia dos libros inscritos en ISBN, sobre o total estatal segundo o volume de produción do editor* (2024)



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

(*) Os datos non reincorporan as reimpresións

A perspectiva do sector privado agremiado complementa esta lectura desde un ángulo distinto. Nese ámbito, Galicia conta en 2024 con 47 editoriais integradas na Asociación Galega de Editores. A serie recente reflicte un crecemento moderado e sostido: 42 editoriais en 2021, 45 en 2022, 46 en 2023 e 47 en 2024. O dato máis sobresaínte, con todo, refírese ao grao de asociación: o 46,8% das editoriais galegas están agremiadas, a porcentaxe máis elevada do conxunto estatal, fronte a valores inferiores ao 27% en Madrid e Cataluña. Así, aínda que o sector galego é cuantitativamente reducido, presenta unha vertebración asociativa comparativamente alta. Esta combinación entre un tecido editor de dimensión contida e un grao

de organización formal elevado constitúe unha das súas marcas estruturais máis recoñecibles.

4. A distribución territorial da edición

A dimensión territorial permite observar como se reparte a actividade editorial dentro de Galicia e como se sitúa a comunidade no mapa estatal do consumo do libro. Este capítulo analiza, en primeiro lugar, a distribución provincial dos libros inscritos en ISBN, a continuación contrasta esa lectura coa estatística de produción editorial recente e, finalmente, incorpora a perspectiva das vendas do mercado interior.

O obxectivo é comprobar ata que punto a concentración territorial aparece como un trazo estrutural do sistema editorial galego e, ao mesmo tempo, matizar esa lectura coa posición de Galicia como espazo de demanda lectora.

4.1. A distribución provincial dos libros inscritos en ISBN

Os datos de libros inscritos en ISBN mostran unha concentración territorial moi acusada. En 2024[6], Galicia rexistrou 2.830 libros, dos cales 1.415 corresponderon á provincia da Coruña e 1.243 á de Pontevedra. Pola súa parte, Lugo sumou 89 e Ourense 83.

Expresado en termos relativos, A Coruña reuniu o 50% dos libros inscritos en Galicia e Pontevedra o 43,9%, mentres que Lugo e Ourense apenas representaron o 3,1% e o 2,9%, respectivamente. En conxunto, as provincias da Coruña e Pontevedra concentraron o 93,9% da edición galega rexistrada en ISBN en 2024.

[6] Véxase a nota sobre a incidencia metodolóxica de 2025 no capítulo 2. Os datos de 2024 utilízanse como referencia da serie no canto dos preliminares de 2025, dado que estes últimos están afectados pola inscrición masiva alí descrita, concentrada na provincia da Coruña. A inclusión directa de 2025 alteraría o equilibrio interprovincial reflectido na táboa.

Distribución provincial dos libros inscritos en ISBN en Galicia (2024)



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

Esta forte concentración non é un fenómeno puntual dun único ano, senón máis ben unha pauta bastante estable ao longo da serie. Xa en 2011, as provincias da Coruña e de Pontevedra reunían o 95,8% dos libros inscritos en Galicia. En 2019, sumaban o 95,3% e en 2023 o 94%. A principal variación recente non afecta tanto ao peso conxunto destas dúas provincias, como á relación interna entre ambas. Mentres que ao inicio da serie A Coruña tiña unha vantaxe máis ampla sobre Pontevedra, nos anos recentes a distancia entre as dúas provincias estreitouse de forma notable. Cómpre destacar, en particular, que en 2023 a provincia de Pontevedra superou lixeiramente á da Coruña no número de libros inscritos en ISBN, con 1.398 títulos fronte a 1.381. Trátase da única ocasión na serie 2011-2024 na que se inverte a xerarquía habitual entre as dúas provincias atlánticas, xa que en 2024 A Coruña recuperou a primeira posición. Esta variación non altera a estrutura xeral de concentración, senón que mostra que a relación entre os dous polos editoriais galegos non é fixa e está suxeita a reaxustes interanuais.

Esta evolución suxire que a edición galega non só está concentrada, senón que se organiza esencialmente arredor de dous polos provinciais. A relevancia moi limitada de Lugo e Ourense reforza a imaxe dun sistema editorial territorialmente desequilibrado, no que a capacidade de produción se localiza case por completo nas áreas con maior densidade empresarial e institucional.

Evolución dos libros inscritos en ISBN en Galicia por provincia

Provincia	2011	2019	2023	2024	% total 2024
A Coruña	1.759	1.135	1.381	1.415	50,0
Pontevedra	1.121	818	1.398	1.243	43,9
Lugo	48	49	86	89	3,1
Ourense	78	47	90	83	2,9
Galicia	3.006	2.049	2.955	2.830	100,0

Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

4.2. A distribución territorial da produción editorial

Os datos da estatística de produción editorial confirman esa mesma estrutura territorial, aínda que cunha lixeira menor concentración. En 2023, Galicia rexistrou 2.407 títulos editados, dos cales 1.245 corresponderon á provincia da Coruña e 936 á de Pontevedra, mentres que a de Lugo sumou 102 títulos e a de Ourense 124. En porcentaxe sobre o total galego, A Coruña representou o 51,7% da produción, Pontevedra o 38,9%, Lugo o 4,2% e Ourense o 5,2%. Isto significa que as provincias da Coruña e Pontevedra concentraron o 90,6% da produción editorial galega dese ano.

Distribución provincial da produción editorial en Galicia (2023)



Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

A comparación coa fonte de ISBN mostra, polo tanto, unha coincidencia clara no esencial. A edición galega aparece fortemente concentrada nas dúas provincias atlánticas, tanto se se observa a actividade rexistrada en ISBN como se se analiza a produción editorial recente. As pequenas diferenzas entre ambas fontes non alteran esa lectura de fondo. A Coruña mantén a primeira posición, Pontevedra ocupa o segundo lugar a bastante distancia e Lugo e Ourense permanecen nunha franxa moi baixa de actividade.

A serie recente de produción editorial tamén deixa ver unha continuidade desta estrutura. En 2020, A Coruña e Pontevedra sumaban o 91% dos títulos editados en Galicia, en 2021 o 92,3%, en 2022 o 90,4% e en 2023 o 90,6%. De novo, o dato relevante non é só a concentración, senón a súa persistencia no tempo. Máis que unha distribución provincial equilibrada, o que se observa é un sistema fortemente articulado arredor de dous espazos principais de produción, como se pode observar nas seguintes gráficas.

Peso porcentual conxunto das provincias da Coruña e Pontevedra sobre o total da edición galega, segundo libros inscritos en ISBN en 2024

DOCUMENTOS DE TRABALLO



Fonte: Ministerio de Cultura. Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN

Peso porcentual conxunto das provincias da Coruña e Pontevedra sobre o total da edición galega, segundo títulos editados en Galicia en 2023



Fonte: INE. Estadística de Producción Editorial de Libros

4.3. A distribución territorial dende a perspectiva do consumo

A distribución territorial da edición galega pode contrastarse cos datos da Federación de Gremios de Editores de España que indican que Galicia foi destino do 6,4% das vendas do mercado interior do libro en 2024, unha proporción superior á súa cota poboacional, situada no 5,6%. Galicia presenta, polo tanto, un saldo positivo entre vendas e poboación de 0,8 puntos, o cuarto maior do conxunto estatal, despois de Madrid, Cataluña e o País Vasco.

Comparación entre a porcentaxe de poboación e a porcentaxe de venda de libros en Galicia (2024)

	Porcentaxe
Vendas	6,4
Poboación	5,6
Dif. Vendas-poboación*	0,8

Fonte: Federación de Gremios de Editores de España. *Comercio Interior del Libro en España 2024*

*Segundo as cifras de poboación a 01/01/2025

A lectura cruzada destes datos cos da produción editorial revela unha asimetría apreciable entre oferta e demanda. Mentres que Galicia produce arredor do 3% dos libros inscritos en ISBN no conxunto estatal, consome preto do 6% dos vendidos no mercado interior. Esta asimetría complementa a caracterización efectuada no capítulo 2: Galicia presenta unha presenza cuantitativa modesta na produción, pero unha demanda superior á media estatal en termos relativos. Esta información debe lerse con cautela porque se refire ao conxunto das vendas realizadas con destino a Galicia, con independencia da lingua, da procedencia editorial dos títulos ou do tipo de editor. Non mide, polo tanto, o consumo de libro galego nin do libro en galego, senón a posición de Galicia dentro da distribución territorial do mercado interior español.

Esta posición de Galicia como mercado lector pode reforzarse se se atende á infraestrutura libreira. Segundo o *Mapa de Librerías 2024-2025* de CEGAL[7], Galicia conta con 247 librarías independentes, o 9% do censo estatal, unha proporción superior tanto ao seu peso poboacional como á súa participación na produción editorial. Ademais, a densidade de librarías sitúase en 9,14 establecementos por cada 100.000 habitantes, unha das máis altas do conxunto estatal. Este dato introduce un matiz relevante: Galicia non só concentra unha demanda de libros superior ao que indicaría o seu peso demográfico, senón que dispón tamén dunha rede libreira relativamente densa, que contribúe á circulación territorial do libro e á súa presenza no tecido cultural local.

A comparación entre estes indicadores permite perfilar mellor a asimetría territorial do sistema do libro. Galicia ten unha capacidade produtiva limitada no mapa editorial estatal pero, non obstante, presenta unha posición máis forte como espazo de venda, compra e mediación libreira. Esta diferenza axuda a entender que o sistema do libro en Galicia non se define só polas editoriais que producen no territorio, senón tamén pola rede de librarías, pola distribución comercial e pola capacidade de absorción lectora do mercado galego.

[7] https://www.cegal.es/wp-content/uploads/MAPA-DE-LIBRERIAS-2024-2025.pdf

5. Soportes e transformación dos formatos

A distinción entre libros en soporte papel e libros noutros soportes permite observar ata que punto a edición galega segue asentada no formato impreso e en que medida incorpora xa procesos de diversificación e dixitalización.

5.1. O predominio do libro en papel e a evolución dos outros soportes

Ao longo de toda a serie, o libro en papel continúa sendo o soporte principal da edición galega. En 2011, dos 3.006 libros inscritos en ISBN en Galicia, 2.488 corresponderon a libros en papel e 518 a libros noutros soportes. En termos relativos, isto significa que o papel representaba o 82,8% do total e os outros soportes o 17,2%. En 2024[8], porén, a estrutura aparece bastante máis modificada: dos 2.830 libros inscritos, 1.783 foron en papel e 1.047 noutros soportes. Isto supón que o peso do papel baixa ata o 63%, mentres que os outros soportes alcanzan o 37%.

Evolución dos libros inscritos en ISBN en Galicia segundo tipo de soporte



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

[8] Véxase a nota sobre a incidencia metodolóxica de 2025 no capítulo 2. Os datos de 2024 utilízanse como referencia da serie no canto dos preliminares de 2025, dado que estes últimos están afectados pola inscrición masiva alí descrita.

A comparación entre o inicio e o final do período mostra con claridade este cambio de composición. Entre 2011 e 2024 os libros en papel redúcense en Galicia nun 28,3%, mentres que os libros noutros soportes se duplican amplamente, cun incremento do 102,1%. Como resultado, a edición galega non perde o seu carácter maioritariamente impreso, pero si amosa unha presenza crecente de formatos alternativos que gañan peso dentro do conxunto.

Con todo, a evolución non é lineal. Os outros soportes mostran oscilacións importantes ao longo da serie. Pasan de 518 títulos en 2011 a 260 en 2013, soben a 579 en 2014, descenden de novo ata 267 en 2019 e medran con forza ata 782 en 2020. Tras un retroceso en 2021 (461 títulos), retoman un crecemento moderado en 2022 (514) e 2023 (557), ata duplicarse practicamente en 2024, ano no que acadan os 1.047 títulos. Máis que unha substitución progresiva e continua do papel, o que se observa é unha combinación de persistencia do formato impreso e crecemento irregular, pero cada vez máis visible, dos soportes alternativos.

5.2. O peso da edición electrónica

Na práctica, a expansión dos libros noutros soportes en Galicia identifícase case por completo coa edición electrónica. Os datos dispoñibles sobre libros en soporte distinto de papel inscritos en ISBN de edición electrónica coinciden practicamente cos rexistros de libros noutros soportes. En 2011, por exemplo, Galicia rexistrou 515 libros electrónicos fronte a 518 libros noutros soportes. Na maioría dos anos posteriores ambas cifras coinciden exactamente, como acontece en 2019 (267 títulos), 2020 (782), 2023 (557) ou 2024 (1.047).



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

Esta correspondencia indica que a transformación dos soportes na edición galega está asociada, esencialmente, ao avance da edición electrónica. O aumento do peso dos soportes distintos ao papel non parece responder a unha proliferación ampla de formatos heteroxéneos, senón máis ben á consolidación do libro dixital como principal vía de diversificación da produción.

A serie máis recente reforza esta lectura. Tras un comportamento irregular durante boa parte do período, a edición electrónica acada en 2024 o seu valor máis alto da serie comparable, con 1.047 títulos. Isto equivale a algo máis dun terzo do total da edición galega rexistrada en ISBN ese ano. A relevancia deste dato non reside só no volume alcanzado, senón no feito de que o crecemento do soporte electrónico se produce sen que desapareza o papel como soporte dominante. O que aparece, polo tanto, non é unha substitución plena dun formato por outro, senón unha estrutura máis diversificada que a existente ao inicio da serie.

5.3. Os libros en papel acompañados de información complementaria noutros formatos

A serie sobre libros en papel acompañados de información complementaria noutros formatos engade un matiz distinto á análise dos soportes. Trátase dun fenómeno moito máis reducido en dimensión e cunha evolución claramente descendente. En 2011 Galicia rexistrou 53 libros deste tipo, 74 en 2012, 54 en 2013 e 41 en 2014. A partir de aí, os valores tenden a baixar: 44 en 2015, 28 en 2016, 30 en 2017, 19 en 2018, 8 en 2019 e 23 en 2020. Nos anos máis recentes a presenza desta modalidade é xa residual: 8 títulos en 2021, 5 en 2022, 3 en 2023 e ningún en 2024.

O comportamento desta serie suxire que os produtos híbridos baseados en libro impreso con acompañamento noutro formato tiveron unha presenza limitada e decrecente. Fronte ao crecemento da edición electrónica, que gaña un peso propio cada vez maior, esta modalidade semella perder relevancia ata case desaparecer. A súa importancia é, en todo caso, moito menor que a da distinción principal entre papel e edición electrónica.

Desde o punto de vista interpretativo, este contraste é útil porque permite diferenciar dúas dinámicas distintas. Por un lado, unha expansión significativa do libro electrónico como soporte autónomo. Por outro, unha perda de relevancia das fórmulas complementarias ou mixtas vinculadas ao libro impreso. A transformación dos formatos na edición galega non parece orientarse, polo tanto, cara a produtos híbridos, senón cara a unha convivencia entre papel e dixital cun peso cada vez máis visible deste último.

5.4. Os soportes na perspectiva do mercado: a singularidade do libro electrónico en galego

A análise dos soportes baseada nos datos do *Comercio Interior del Libro en España* achega un matiz relevante: o comportamento do libro electrónico en galego no mercado interior segue unha pauta diferente á observada para o conxunto estatal.

A facturación do libro electrónico en galego pasa de 950.000 euros en 2023 a 824.000 en 2024, o que representa un descenso do 13,3%. Esta evolución contrasta marcadamente coa do conxunto do mercado dixital, que medra un 14,9% no mesmo período, ao pasar de 144,1 a 165,6 millóns

de euros. Mentres que a edición electrónica en castelán e en catalán crece de forma sostida, a facturación dixital en galego retrocede.

Evolución da facturación do libro en formato electrónico segundo a lingua de edición (2022-2024)*

	2022		2023		2024		Var. %
Lingua	Total	%	Total	%	Total	%	2024-2023
Castelán e outras	126.511	90,8	130.107	90,3	144.661	87,4	11,2
Catalán	10.258	7,4	11.963	8,3	18.522	11,2	54,8
Éuscaro	1.675	1,2	1.109	0,8	1.562	0,9	40,8
Galego	857	0,6	950	0,7	824	0,5	−13,3
Total	139.300	100,0	144.129	100,0	165.569	100,0	14,9

Fonte: Federación de Gremios de Editores de España, *Comercio Interior del Libro en España 2024*

*(Importes en miles de euros. Porcentaxes sobre o total de cada ano)

A coexistencia destes dous indicadores, o aumento dos títulos electrónicos inscritos e a evolución máis feble da súa facturación no mercado interior, suxiren que a expansión do soporte dixital na produción galega non ten polo momento unha correlación clara na demanda comercial. Máis que unha conclusión pechada sobre o comportamento do mercado dixital en galego, o dato apunta a unha posible asimetría entre produción e ingresos que deberá ser contrastada nos próximos anos.

Esta asimetría entre produción e mercado é coherente coa caracterización xeral do sector galego efectuada nos capítulos anteriores: un sistema editorial cunha actividade produtiva apreciable en termos de títulos, pero cunha dimensión económica reducida e cunha especialización notable en segmentos vinculados á escola e á edición pública, menos asociados ao consumo dixital individual.

6. Perfil da produción editorial

A caracterización da edición galega recente pode facerse desde tres perspectivas complementarias: a estatística de produción editorial permite describir a composición da produción segundo o tipo de publicación; a estatística de libros inscritos en ISBN por subsectores ofrece unha lectura máis ampla do peso relativo de ámbitos como o infantil e xuvenil, os libros de texto ou a creación literaria; e *Comercio Interior del Libro* incorpora a perspectiva económica do sector privado agremiado, con datos de títulos

editados en papel e facturación por materias. A combinación destas fontes permite distinguir mellor entre volume de produción, especialización editorial e peso de mercado dos principais subsectores.

6.1. Libros e folletos

A produción editorial en Galicia está dominada con claridade polos libros, mentres que os folletos ocupan unha posición secundaria pero estable. En 2020, dos 1.902 títulos editados en Galicia, 1.520 foron libros e 382 folletos. En 2023, a cifra total ascende a 2.407 títulos, dos cales 1.970 corresponden a libros e 437 a folletos. Isto supón que os libros representan o 81,8% da produción galega dese ano, fronte ao 18,2% dos folletos.

Evolución dos títulos editados en Galicia segundo o tipo de publicación



Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

A serie mostra ademais unha notable estabilidade na composición interna da produción. Entre 2020 e 2023, o peso dos libros móvese sempre arredor do 80%: 79,9% en 2020, 80,4% en 2021, 80,5% en 2022 e 81,8% en 2023. Pola súa parte, os folletos oscilan entre o 20,1% e o 18,2%.

6.2. Subsectores editoriais

A incorporación da serie de ISBN por subsectores permite matizar e reforzar a lectura do perfil editorial galego. Entre os distintos subsectores, o máis salientable é o infantil e xuvenil, que gaña peso dentro da estrutura

editorial galega ao longo da serie. En 2011 rexistráronse en Galicia 348 títulos de infantil e xuvenil, o que representa o 11,6% do total de libros inscritos en ISBN. En 2023 a cifra ascende a 708 títulos e o seu peso relativo acada o 24%. En 2024 baixa a 542 títulos, pero aínda así supón o 19,2% do total galego, unha proporción claramente superior á do inicio da serie.

Evolución do subsector infantil e xuvenil no total dos libros inscritos en ISBN en Galicia



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

Esta evolución é especialmente significativa cando se compara co conxunto estatal. En 2011, o infantil e xuvenil representaba o 8,9% dos libros inscritos en ISBN en España, fronte ao 11,6% de Galicia. En 2024, o subsector supón o 11% do total estatal, mentres que en Galicia acada o 19,2%. É dicir, o libro infantil e xuvenil ten en Galicia un peso estrutural bastante maior ca no conxunto español. Ademais, a achega galega ao total estatal deste subsector medra de maneira apreciable: pasa do 4% en 2011 ao 7% en 2023 e sitúase no 5,5% en 2024.

Evolución do peso porcentual do subsector infantil e xuvenil sobre o total da edición



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

Xunto ao infantil e xuvenil, tamén destacan os libros de texto e a creación literaria. En 2024, os libros de texto suman 503 títulos e representan o 17,8% da edición galega inscrita en ISBN, mentres que a creación literaria alcanza 681 títulos e supón o 24,1%. En 2023, os valores son 480 títulos e 16,2% para os libros de texto e 759 títulos e 25,7% para a creación literaria. En ambos os casos, trátase de subsectores con peso importante dentro da estrutura editorial, aínda que cun comportamento máis irregular ca o do infantil e xuvenil.

Evolución do peso porcentual dos principais subsectores da edición galega: infantil e xuvenil, libros de texto e creación literaria



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

A comparación por soporte introduce ademais un matiz relevante. En 2024, o libro infantil e xuvenil segue sendo maioritariamente impreso en Galicia: 432 títulos en papel fronte a 110 noutros soportes. A creación literaria presenta un perfil semellante, con 496 títulos en papel e 185 noutros soportes. Os libros de texto, en cambio, mostran unha estrutura distinta: en 2024 rexistran 134 títulos en papel e 369 noutros soportes, o que indica unha presenza moito máis forte dos formatos non impresos neste subsector. Esta diferenza reforza a idea de que a transformación formal da edición non afecta por igual a todos os ámbitos.

Distribución dos principais subsectores da edición galega segundo soporte (2024)



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

6.3. Os subsectores na perspectiva do mercado

A distribución por materias confirma a importancia do libro infantil e xuvenil no perfil produtivo da edición galega agremiada. En 2024 este subsector concentra 316 títulos, o 37% dos títulos editados en papel pola AGE. A continuación sitúanse: a ficción de adultos, con 221 títulos e o 25,9%; a non ficción, con 183 títulos e o 21,4% e o texto non universitario, con 113 títulos e o 13,2%. Esta composición é coherente coa lectura baseada no ISBN, que xa apuntaba a un peso estrutural elevado da edición infantil e xuvenil.

A perspectiva da facturación introduce, ademais, un matiz relevante. A literatura infantil e xuvenil xera 10,69 millóns de euros, o 38,9% da facturación das editoriais galegas agremiadas, mentres que o libro de texto non universitario acada 8,58 millóns (31,2%). En conxunto, estes dous subsectores reúnen o 70,1% da facturación da edición galega agremiada. Pola contra, a ficción de adultos, malia representar unha cuarta parte dos títulos, supón o 10,9% da facturación e a non ficción representa o 18,3%.

Distribución dos títulos editados en papel e da facturación das editoriais galegas agremiadas por materias (2024)

Materia	Títulos	% títulos	Facturación	% facturación
Ficción adultos	221	25,9	2,99 M€	10,9
Infantil e xuvenil	316	37,0	10,69 M€	38,9
Texto non universitario	113	13,2	8,58 M€	31,2
Non ficción	183	21,4	5,02 M€	18,3
Cómic e outros	21	2,5	0,22 M€	0,8

Fonte: Federación de Gremios de Editores de España. *Comercio Interior del Libro en España 2024*

Esta comparación entre produción e facturación permite matizar o perfil recente da edición galega. O libro infantil e xuvenil destaca tanto en número de títulos como en facturación, mentres que o de texto non universitario ten un peso económico moi superior ao seu peso produtivo. A ficción de adultos presenta a relación inversa: ten unha presenza editorial elevada, pero unha capacidade de facturación máis limitada. A produción editorial galega agremiada sostense, polo tanto, sobre unha combinación de especialización cultural e dependencia económica dos segmentos máis vinculados á infancia, á mocidade e ao ensino. No seguinte capítulo retomarase esta análise restrinxida ao libro en galego, onde se observa unha distribución similar.

7. A dimensión lingüística da produción editorial

A dimensión lingüística constitúe un dos trazos máis definitorios da edición galega e permite interpretar a produción editorial non só como actividade económica, senón tamén como práctica cultural. Este capítulo combina tres perspectivas complementarias: a estatística de produción editorial, que permite describir a estrutura lingüística recente dos títulos editados en Galicia; a estatística de libros inscritos en ISBN, que sitúa o peso do

galego e das linguas de publicación nun contexto estatal de máis longo percorrido; e os datos de *Comercio Interior del Libro*, que achegan unha lectura da escala comercial do libro en galego no sector privado agremiado. A análise atende así ao peso do galego, do castelán, das edicións bilingües e das traducións, pero tamén á distancia entre a presenza editorial, o mercado e as prácticas lectoras.

7.1. A distribución dos títulos segundo o idioma de publicación

Os datos da estatística de produción editorial mostran que o galego é o principal idioma de publicación da edición en Galicia. En 2020 editáronse en Galicia 1.902 títulos, dos cales 866 foron en galego e 821 en castelán e o resto noutras linguas, edicións bilingües ou traducións dispersas en distintos idiomas. En 2023, cun total de 2.407 títulos, os editados en galego ascenden a 1.174, mentres que os publicados en castelán se sitúan en 968. En termos internos, isto significa que o galego representa o 45,5% da produción galega en 2020 e o 48,8% en 2023, mentres que o castelán pasa do 43,2% ao 40,2% no mesmo período.

Evolución da porcentaxe de títulos editados en Galicia segundo o idioma de publicación



Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

A serie mostra unha notable continuidade neste perfil. En todos os anos observados, o número de títulos en galego supera ao de títulos en castelán, e esa diferenza amplíase lixeiramente co paso do tempo. En 2021 o galego representa o 46,2% da produción e o castelán o 43%, e en 2022 as proporcións son 48,3% e 40,4% respectivamente. Máis que unha oscilación conxuntural, o que se aprecia é unha estrutura bastante estable na que o galego ocupa unha posición principal e o castelán mantén tamén un peso moi relevante.

7.2. Edicións bilingües e traducións

As edicións bilingües constitúen unha parte estable da produción editorial galega, aínda que cunha dimensión claramente menor que a das edicións monolingües en galego ou en castelán. En 2020 rexistráronse 134 títulos bilingües en Galicia, 164 en 2021, 160 en 2022 e 179 en 2023. O seu peso sobre o total galego sitúase entre o 6,6% e o 7,4% segundo o ano, o que indica unha presenza continuada pero non dominante.

Evolución dos títulos bilingües editados en Galicia e peso sobre o total da produción galega

DOCUMENTOS DE TRABALLO
CCG



Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

Dentro das edicións bilingües, a combinación claramente dominante é a de castelán e galego. En 2023, 118 dos 179 títulos bilingües editados en Galicia corresponden a esa combinación, o que supón o 65,9% do total. As demais combinacións teñen unha presenza moito menor, o que indica que as edicións bilingües en Galicia están asociadas sobre todo á coexistencia entre as dúas linguas principais do sistema.

Composición dos títulos bilingües editados en Galicia segundo a combinación de linguas (2023)



Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

As traducións teñen, pola súa parte, un peso crecente. En 2020 rexistráronse 239 títulos traducidos, cifra que sobe a 400 en 2021, 393 en 2022 e 421 en 2023. En termos relativos, isto supón pasar do 12,6% da produción galega total en 2020 ao 17,5% en 2023. A distribución por idioma do texto orixinal mostra que as traducións proceden sobre todo do castelán e do inglés, aos que se engaden, con menor volume pero tamén con continuidade, o galego, o francés e outros idiomas estranxeiros.

Evolución dos títulos traducidos editados en Galicia e peso sobre o total da produción galega



Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

7.3. Contexto estatal sobre lingua de publicación e lingua traducida no ISBN

A serie estatal de ISBN permite situar a realidade galega nun contexto máis amplo. No conxunto de España, o castelán continúa sendo, con moita diferenza, a principal lingua de publicación: en 2024 representa o 81,2% dos libros inscritos en ISBN. A certa distancia sitúanse o catalán (7,9%), o inglés (3%), os títulos multilingües (2%), o galego (2%), o éuscaro (1,7%) e o valenciano (0,9%).

Evolución do número de libros inscritos en ISBN en España segundo a lingua de publicación

	2011	2020	2023	2024
Castelán	76.181	62.770	69.380	72.539
Catalán	9.926	6.878	7.638	7.083
Galego	1.711	1.743	1.857	1.802
Éuscaro	1.214	1.569	1.539	1.487
Valenciano	959	1.044	879	828
Asturiano	96	56	64	98
Aragonés	15	12	15	15
Aranés	3	6	11	10
Inglés	1.954	2.120	2.485	2.689
Francés	507	335	670	429
Italiano	108	74	204	202

Alemán	126	32	99	90
Portugués	687	286	256	176
Multilingües	3.034	1.329	1.887	1.789
Outras linguas	341	168	138	110

Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

A evolución recente amosa unha forte continuidade dese esquema. Entre 2011 e 2024 o castelán móvese sempre arredor do 79-81% do total estatal. O galego, pola súa parte, sitúase arredor do 2% no conxunto español: 1,8% en 2011, 2,2% en 2020, 2,1% en 2023 e 2% en 2024.

Evolución da porcentaxe de libros inscritos en ISBN en idioma galego respecto ao total de libros inscritos en Galicia e en España



Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

A mesma serie estatal permite observar tamén a relevancia das traducións no conxunto da edición española. En 2023, os libros traducidos representan o 17,2% do total estatal e o 14,6% en 2024. Entre as linguas de orixe, o inglés ocupa con moita diferenza a primeira posición, cun 48,4% das traducións en 2023 e un 51,2% en 2024. A continuación, aparecen o castelán, o francés e xa a bastante máis distancia outras linguas. O galego ten unha presenza moi baixa como lingua de orixe no total estatal das traducións, situada no 0,3% en 2023 e no 0,4% en 2024.

Libros traducidos inscritos en ISBN en España segundo a lingua do texto orixinal (2024)

Lingua	Total
Inglés	6.677
Francés	1.561
Castelán	1.417
Xaponés	775
Italiano	627
Alemán	605
Outras linguas	590
Catalán	286
Latín	101
Ruso	95
Portugués	93
Éuscaro	50
Galego	49
Árabe	38
Neerlandés	35
Grego	30

Fonte: Ministerio de Cultura. *Estadística de la Edición Española de Libros con ISBN*

7.4. O galego no comercio interior do libro: edición, catálogo e mercado

A información procedente do informe *Comercio Interior del Libro en España* permite complementar a análise da produción editorial cunha perspectiva de mercado e engade unha lectura da escala comercial da edición en galego dentro do sector editorial profesionalizado.

En 2024 as editoriais privadas agremiadas editaron 87.542 títulos, dos cales 1.924 foron en galego. Isto sitúa o galego no 2,2% da edición total do sector agremiado, nun nivel semellante ao do ano anterior. A distribución por gremios mostra, ademais, que a edición en galego non se concentra exclusivamente nas editoriais asociadas en Galicia: o 56,9% dos títulos en galego corresponde á AGE, mentres que o 29,7% aparece asociado ao gremio de Madrid e o 12,1% ao de Cataluña.

Distribución dos títulos editados en galego segundo gremio editorial (2024)

Gremios		Total títulos editados	Títulos editados en galego
	Total	87.542	1.924
AEM	Madrid	34.747	571
AELLC e GREMI	Cataluña	43.119	233
GEE	Euskadi	3.197	12
AEA	Andalucía	1.708	9
AGE	Galicia	1.164	1.095

AEPV	Valencia*	3.333	4
CYL	Castela e León	274	-

Fonte: Federación de Gremios de Editores de España, *Comercio Interior del Libro en España 2024*

(*) Están incluídos os libros editados en catalán ou valenciano segundo a declaración do editor.

A facturación en galego no comercio interior sitúase en 13,4 millóns de euros, o que representa arredor do 0,4% da facturación total do sector. Esta proporción é inferior ao peso do galego en número de títulos, o que apunta a unha escala comercial máis reducida e a tiradas medias máis baixas. No caso da edición en papel vinculada á AGE, o informe recolle 658 títulos en galego, 724.000 exemplares e unha tirada media de 1.099, moi por debaixo da tirada media xeral do sector, situada en 3.517 exemplares, así como do catalán (1.928) e do éuscaro (1.400), as outras linguas con asociación gremial propia.

A estrutura interna da facturación tamén é significativa. Como xa se viu no capítulo 6, a edición galega agremiada concentra a súa actividade en literatura infantil e xuvenil e libro de texto non universitario. No libro en galego, as materias con maior peso económico son tamén infantil e xuvenil (39,1%) e texto non universitario (32,9%).

Facturación do libro en galego por materias (millóns de euros) (2024)

Materias	Facturación
Total	*13,4*
Ficción adultos	*1,6*
Novela	1,3
Poesía, teatro	0,1
Outros (crítica, ensaios literarios...)	0,2
Infantil e xuvenil	*5,3*
Texto non universitario	*4,4*
Educación infantil	1,5
Educación primaria	1,3
E.S.O.	1,3
Bacharelato	0,2
F.P.	0,0
Libros e materiais complementarios	0,1
Non ficción	*2,1*
Científico técnico e universitario	0,1
Ciencias sociais e humanas	0,3
Dereito e ciencias económicas	0,0
Relixión	0,0
Libros prácticos	0,3

Divulgación xeral	0,6
Dicionarios e enciclopedias	0,3
Cómics	*0,1*
Outros	*0,1*

Fonte: Federación de Gremios de Editores de España, *Comercio Interior del Libro en España 2024*

As canles de comercialización reforzan esta lectura. As librarías son o principal medio da facturación en galego, con 6,83 millóns de euros e o 50,8% do total. A continuación sitúanse as empresas e institucións, con 3,47 millóns e o 25,9%. Esta distribución confirma a importancia das librarías como infraestrutura básica para a circulación do libro en galego, pero tamén o papel das compras institucionais, educativas ou profesionais na sustentabilidade do mercado.

8. A especialización temática da produción editorial

A distribución temática da produción editorial permite identificar os ámbitos nos que a edición galega concentra a súa actividade e perfilar así a súa especialización cultural. Neste capítulo emprégase, en primeiro lugar, a clasificación temática UNESCO simplificada, que ofrece unha visión clara dos grandes bloques da produción recente. En segundo lugar, recórrese á clasificación máis detallada para matizar esa lectura e identificar algúns subámbitos especialmente relevantes. En conxunto, os datos amosan unha estrutura temática bastante definida, na que a literatura ocupa unha posición central e na que tamén teñen un peso importante as ciencias sociais, a xeografía e historia e as artes.

8.1. Os grandes bloques temáticos da produción recente

A clasificación temática simplificada mostra con claridade que a literatura, a historia e a crítica literaria constitúen o principal ámbito da produción editorial galega. En 2020 este bloque sumaba 807 títulos, o que representaba o 42,4% da produción galega, en 2021 ascendía a 1.083 títulos (45,9%), en 2022 situábase en 1.043 (43,2%) e en 2023 acadaba 1.085 títulos equivalentes ao 45,1% do total. A literatura aparece, así, como o eixo temático máis importante e tamén como o máis estable en volume relativo dentro da produción recente.

Títulos editados en Galicia segundo o tema UNESCO simplificado (2023)

Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

Tras ese gran bloque literario, as categorías con maior peso en 2023 son as ciencias sociais, con 491 títulos que representan o 20,4% do total, a xeografía e historia con 284 títulos (11,8%) e as artes con 235 títulos (9,8%). A certa distancia sitúanse as ciencias aplicadas, con 134 títulos (5,6%), e os demais bloques, xa por baixo do 2% ou 3% cada un. Esta distribución permite afirmar que a produción galega recente non só está fortemente orientada á literatura, senón que tamén ten unha presenza significativa de publicacións ligadas ao campo social, histórico e artístico.

A serie 2020-2023 mostra, ademais, unha notable continuidade desta estrutura. A literatura mantense sempre por riba do 42% e as ciencias sociais medran de maneira apreciable, pasando do 14,4% en 2020 ao 20,4% en 2023. Pola súa parte, as artes móvense arredor entre o 10% e o 12% e a xeografía e historia entre o 11,8% e o 14,1%. Máis que cambios bruscos de perfil, o que se observa é unha especialización bastante estable, con algunhas variacións internas pero sen alteración do esquema xeral.

Evolución do peso dos principais bloques temáticos da produción editorial galega (2020-2023)



Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

Esta composición reforza a idea de que a edición galega ten un perfil cultural recoñecible. O seu centro de gravidade sitúase claramente no ámbito literario, pero arredor del organízase tamén un conxunto relevante de publicacións vinculadas ás ciencias sociais, á historia e ás artes. Non se trata, polo tanto, dun sistema exclusivamente literario, aínda que sexa ese o seu núcleo máis evidente.

Evolución dos títulos editados en Galicia segundo o tema UNESCO simplificado e porcentaxe sobre o total galego (2020-2023)

	2020		2021		2022		2023	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
Total	1.902	100,0	2.362	100,0	2.415	100,0	2.407	100,0
Literatura, historia e crítica literaria	807	42,4	1.083	45,9	1.043	43,2	1.085	45,1
Ciencias sociais	274	14,4	359	15,2	455	18,8	491	20,4
Xeografía e historia	247	13,0	334	14,1	312	12,9	284	11,8
Artes	232	12,2	240	10,2	251	10,4	235	9,8
Ciencias aplicadas (medicina, enxeñería, tecnoloxía)	115	6,0	125	5,3	167	6,9	134	5,6
Resto dos bloques	227	12,1	221	9,4	187	7,6	178	7,4

Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

8.2. Algunhas especializacións dentro da clasificación detallada

A clasificación UNESCO detallada permite afinar a lectura e identificar con máis precisión algúns subámbitos salientables. En 2023, ademais do gran bloque de "Literatura, historia e crítica literaria" con 1.085 títulos que representan o 45,1% do total, destacan tamén "Historia. Biografía" con 272 títulos (11,3%) e "Dereito. Administración pública. Previsión e asistencia social. Seguros" con 226 títulos (9,4%). A estes súmanse "Educación. Ensino. Formación" con 120 títulos (5%), "Artes plásticas e gráficas. Fotografía" con 99 títulos (4,1%) e "Ciencias políticas. Ciencias económicas" con 86 títulos (3,6%).

Principais subtemas da produción editorial galega segundo a clasificación UNESCO detallada (2023)

Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

O peso das ciencias sociais, por exemplo, non responde a un único subámbito, senón que se reparte entre varias áreas, entre as que destacan o dereito e a administración pública, as ciencias políticas e económicas e, en menor medida, a socioloxía ou a antropoloxía cultural. Do mesmo xeito, o bloque de artes está sustentado sobre todo polas artes plásticas e gráficas, mentres que a música, as artes do espectáculo e o cinema teñen unha presenza moito máis reducida.

A serie recente deixa ver tamén algúns movementos significativos. Entre 2020 e 2023, o bloque de "Dereito. Administración pública..." pasa de 117 a 226 títulos, e o de "Educación. Ensino. Formación" sobe de 32 a 120. Pola contra, "Historia. Biografía" mantense en valores moi altos pero cunha lixeira baixada con respecto a 2021 e 2022. Estes cambios non alteran a configuración xeral do sistema, pero si suxiren que arredor do núcleo literario hai certas áreas que gañan peso nos últimos anos.

Evolución dos principais subtemas da produción editorial galega segundo a clasificación UNESCO detallada

	2020	2021	2022	2023
Literatura, historia e crítica literaria	807	1.083	1.043	1.085
Historia. Biografía	240	320	301	272
Dereito. Administración pública. Previsión e asistencia social. Seguros	117	156	159	226
Educación. Ensino. Formación	32	64	141	120
Artes plásticas e gráficas. Fotografía	92	105	109	99
Ciencias políticas. Ciencias económicas	65	74	83	86

Fonte: INE. *Estadística de Producción Editorial de Libros*

9. Conclusións

A edición galega mantén ao longo da serie analizada unha posición relativamente estable dentro do sistema editorial español, aínda que nunha escala reducida. Os libros inscritos en ISBN en Galicia móvense, na maior parte dos anos, dentro dunha franxa recoñecible e representan arredor do 3% do total estatal. Non se observa unha tendencia lineal de crecemento nin unha perda estrutural de peso, senón máis ben unha evolución irregular con descensos e recuperacións anuais. O dato preliminar de 2025 debe interpretarse á marxe desta dinámica, pois responde á inscrición masiva de ISBN por parte dunha única editorial e non a unha expansión real do sector. Unha vez descontado ese efecto, Galicia volve situarse nun nivel coherente cos valores recentes da serie.

A comparación entre as distintas fontes empregadas no informe permite afinar esta lectura. A estatística de ISBN ofrece unha visión ampla da actividade editorial e a de *Comercio Interior del Libro* permite observar a dimensión do sector privado agremiado. A primeira mostra unha presenza galega sostida no conxunto estatal e a segunda revela unha escala empresarial máis limitada, cun peso reducido en facturación, emprego, títulos

editados en papel e exemplares producidos. Esta diferenza non é contraditoria, senón complementaria: Galicia mantén unha actividade editorial significativa en termos de títulos, pero o seu tecido empresarial estabilizado opera cunha dimensión económica modesta e nun mercado moi concentrado en Madrid e Cataluña.

O tecido editor caracterízase por unha base ampla de axentes de pequena e mediana escala. O número de editores activos mantense por riba dos 150 nos anos recentes, pero a produción depende en boa medida de operadores con volume acumulado reducido ou intermedio. Non se trata, polo tanto, dun sistema dominado por grandes grupos editoriais, senón dun tecido fragmentado, de capacidade produtiva continuada pero limitada. Ao mesmo tempo, a edición galega agremiada presenta un grao de asociación comparativamente alto, o que introduce un matiz relevante: a súa dimensión é pequena, pero a súa vertebración formal é superior á doutros territorios.

A distribución territorial confirma unha das características máis persistentes do sistema editorial galego: a concentración nas provincias da Coruña e Pontevedra, que reúnen case toda a produción rexistrada tanto en ISBN como na estatística de produción editorial. Lugo e Ourense manteñen unha presenza moito menor, sen indicios de redistribución territorial significativa. A edición galega aparece, así, articulada arredor de dous polos atlánticos, cunha concentración estrutural máis que conxuntural. Pero a lectura territorial complétase ao incorporar a perspectiva do consumo: Galicia produce arredor do 3% dos libros inscritos en ISBN no conxunto estatal, mais recibe o 6,4% das vendas do mercado interior. Isto introduce unha asimetría relevante entre oferta e demanda e suxire que o sistema do libro en Galicia non pode interpretarse unicamente desde a localización das editoriais, senón tamén desde a circulación e a demanda lectora.

No relativo aos soportes, o papel segue sendo maioritario, pero a composición da produción modificouse con claridade. En 2024, os libros en papel representan o 63% dos libros inscritos en ISBN en Galicia, mentres que os outros soportes acadan o 37%. Esta transformación identifícase case por completo coa edición electrónica. Con todo, a expansión do soporte dixital na produción non ten unha correlación equivalente no mer-

cado: mentres medra o número de títulos electrónicos inscritos, a facturación do libro electrónico en galego descende en 2024. Isto suxire que a dixitalización funciona, polo de agora, máis como vía de diversificación produtiva ca como fonte consolidada de ingresos.

A análise por subsectores e por linguas mostra unha especialización marcada e con perfil propio. O libro infantil e xuvenil gañou peso na edición galega desde 2011 e mantén unha presenza relativa moi superior á do conxunto estatal, configurando, xunto cos libros de texto e a creación literaria, tres eixes fundamentais da produción. A perspectiva de mercado reforza parcialmente esta lectura: nas editoriais galegas agremiadas, o libro infantil e xuvenil é o principal subsector tanto en títulos como en facturación, mentres que o de texto non universitario ten un peso económico moi superior ao seu peso produtivo. A ficción de adultos presenta a relación inversa: presenza editorial importante, pero capacidade de facturación máis limitada.

A dimensión lingüística confirma o carácter singular da edición galega. O galego é o principal idioma de publicación da produción editorial recente de Galicia e supera o castelán nos anos analizados, pero sitúase arredor do 2% dos libros inscritos en ISBN no conxunto estatal. A súa escala económica é menor que a súa presenza editorial. O mercado do libro en galego apóiase de modo especial na infancia, na escola e na rede de librarías: a facturación concéntrase en literatura infantil e xuvenil e en libro de texto non universitario e as librarías son a principal canle de comercialización, seguidas das empresas e institucións. A sustentabilidade do libro en galego depende, polo tanto, dunha combinación de mercado lector, mediación escolar, compra institucional e capacidade de circulación na rede libreira.

A especialización temática da edición galega presenta un perfil cultural recoñecible. A literatura, a historia e a crítica literaria constitúen o seu núcleo, con máis do 45% dos títulos en 2023, pero arredor del aparece tamén unha produción relevante en ciencias sociais, xeografía e historia, artes e, nun nivel máis detallado, en ámbitos como o dereito e a administración pública, a educación ou as artes plásticas. Non se trata, polo tanto, dun sistema exclusivamente literario, aínda que sexa ese o seu eixo principal.

En conxunto, o informe permite caracterizar a edición galega como un sistema de alta densidade cultural e modesta escala económica. Mantén unha produción estable, unha presenza destacada do galego, unha forte especialización en literatura infantil e xuvenil, creación literaria e libro educativo, e unha vertebración asociativa relevante, pero opera con tiradas curtas, facturación reducida, dependencia marcada de determinados segmentos e escasa capacidade de competir en escala cos grandes centros editoriais estatais. A súa fortaleza non reside na dimensión industrial, senón na función cultural que cumpre dentro do ecosistema galego.

Esta caracterización ten implicacións para as políticas públicas: o reto non é só producir máis títulos, senón reforzar as condicións que permiten que o libro galego circule, se compre, se lea e permaneza vivo no catálogo. Os puntos máis fráxiles non están na produción, que existe e se mantén, senón na escala comercial, na visibilidade, na distribución, na presenza efectiva nas librarías e na consolidación de espazos de lectura. Apoiar a edición galega require, polo tanto, atender ao conxunto da cadea do libro: creación, edición, distribución, librarías, bibliotecas, escola, compra pública e formación de novos lectores.